# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

## Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)[1]

## Curso Académico: Curso 2020-2021

[1] De agora en diante, MSC.

- ■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- ■ Cumprimento do proxecto establecido
    - ■ Dimensión 1. A xestión do título
        - ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        - ■ Criterio 2. Información e transparencia
        - ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - ■ Dimensión 2. Recursos humanos
        - ■ Criterio 4. Recursos Humanos
        - ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - ■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
        - ■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
        - ■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- ■ Modificacións do plan de estudos
- ■ Listaxe de evidencias e indicadores
- ■ Plan de Melloras
    - ■ Abertas Curso 2020-2021
        - ■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
        - ■ Criterio 2 - Información e transparencia
        - ■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - ■ Criterio 4 - Recursos humanos
        - ■ Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - ■ Finalizadas Curso 2020-2021
        - ■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
        - ■ Criterio 2 - Información e transparencia
        - ■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - ■ Criterio 4 - Recursos humanos
        - ■ Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) |
| Mencións/Especialidades | Xestión dos bens culturais // Xestión do patrimonio lingüístico e literario |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | Non |
| Centro responsable | Facultade de Humanidades |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Humanidades |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 60 ECTS |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Semipresencial |
| Curso de implantación | 2015/2016 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 30/04/2015 |
| Data renovación acreditación | 30/07/2019 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**
**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**
Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
A valoración é positiva.
No curso pasado realizouse unha actualización do plan de estudos para responder aos requirimentos do informe final de renovación da acreditación (xullo de 2019, Acción de Mellora 21), en que se indica o seguinte:
*De acuerdo con la acción de mejora AM-21, se debe completar el cuadro de asignaturas optativas cubriendo el hueco dejado por la asignatura "Metodología y recursos para la investigación humanística" que lleva dos años desactivada y propiciando la impartición de la asignatura Lengua Portuguesa.*
*I Continuarán con la ejecución de la AM-21.* ***Este aspecto será de especial atención durante el seguimiento del título.***

A este respecto, consígnanse as seguintes actuacións, desenvolvidas ao longo do curso 2021-2022, para continuar na liña iniciada, e que conxuntamente conforman a Acción de Mellora 27.
1.- Estabilización da docencia da materia *Linguas para a comunicación: portugués*. Logo dunha negociación coa Vicerreitoría de Profesorado, coa Vicerreitoría de Titulacións e coa Vicerreitoría de Coordinación do campus de Lugo, conseguiuse que a plantilla da área de Portugués da USC asumise, no curso 21-22, a docencia da materia, así como que de cara ao vindeiro curso se dotase dunha praza estable de profesorado a impartición desta.
2.- Intervención sobre a docencia da materia optativa do segundo semestre *Espectáculos e xestión: música, teatro e cine* (3 créditos). A área á que estaba adscrita, Teoría da Literatura, comunica no final do curso pasado a súa intención de non asumir esta docencia. A intervención consiste nas seguintes actuacións:
-Para o curso 2021-22, contratación dunha docente externa, profesional de recoñecido prestixio (Patricia Hermida), vinculada á Asociación de Profesionais da Xestión Cultural de Galicia, previa desvinculación da materia a respecto da área correspondente
-De cara ao curso 22-23, realización dunha negociación coa área de Fundamentos de Análise Económica, radicada no campus de Lugo na Facultade de Dirección e Administración de Empresas, en virtude da cal os/as seus/as responsables asumen a docencia da materia dentro do seu Plan Docente Anual.
3.- Retirada da materia *O texto galego: da escrita á difusión* (3 créditos, segundo cuadrimestre), que ía quedar sen impartición por traslado da súa docente ao campus de Santiago, e substitución pola materia *O sector editorial galego: políticas, mercado, axentes e procesos*, coa mesma carga docente, impartida pola mesma área e con idéntica carga docente, alén de cun indubidable interese desde a perspectiva da formación en xestión cultural.
A modificación indicada nos puntos 2 e 3, foi aprobada polas seguintes instancias: Comisión Académica do Máster en Servizos Culturais (29/11/2021), Xunta de Facultade (30/11/2021) e Consello de Goberno na Universidade de Santiago de Compostela (21/12/2021).
Continúase así mesmo coa execución da Acción de Mellora 23, consistente na implementación da docencia síncrona a través da plataforma Teams. Cúmprese deste xeito a indicación contida no Informe final de renovación da acreditación:
*Se debe permitir al alumnado conectarse a las clases presenciales de forma virtual.*
A totalidade das materias do título foron impartidas simultaneamente de xeito presencial e en *streaming* durante o curso 2020-2021.

| 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada. |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.<br>• O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.<br>• No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.<br>• Participación do alumnado en programas de mobilidade. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>A valoración é positiva.<br>-Con respecto á primeira cuestión debe terse en conta o indicado no apartado anterior acerca das accións de mellora ligadas á modificación e actualización do plan de estudos.<br>-Con respecto á segunda cuestión debe terse en conta o indicado no apartado anterior acerca da renovación da metodoloxía docente mediante o *streaming* síncrono.<br>-Con respecto á cuarta cuestión (a terceira non procede) achégase a seguinte reflexión:<br>1. Persisten os atrancos para a mobilidade existentes e inherentes ao perfil do título: duración do máster e dificultade de encaixe desta a respecto doutros títulos de máster internacionais (de 75 ou 120 créditos, en lugar de 60) e presenza dunha importante porcentaxe de alumnado activa laboralmente durante o período de realización da formación. Con todo e de acordo coa intención de internacionalizar o título conseguiuse asinar un convenio específico de mobilidade do *Mestrado em Gestão das Indústrias Culturais* da Universidade Católica do Porto. Porén, a evidencia INF03 permite considerar este aspecto como susceptible de mellora, aínda cando se realiza anualmente a seguinte intervención, destinada a reverter a situación:<br>-Na execución das dúas Accións de Mellora que implican un contacto directo co estudantado do MSC (titoría individualizada e vídeo de presentación inicial, numeradas respectivamente como 14 e 2.1), menciónase a posibilidade con que conta o alumnado de realizar un cuadrimestre no estranxeiro ou ben de acollerse ao programa Erasmus Prácticas.<br>2. Debe terse en conta ademais a desaparición da estratexia ligada á Acción de Mellora 12, tras a eliminación da Facultade de Humanidades do proxecto estratexico Campus Terra. Dado que no plan de melloras comprometido tras a renovación da acreditación se asociaba o impulso á internacionalización ao devandito proxecto, desde abril de 2021 sabemos que os títulos da Facultade de Humanidades quedaron fóra deste, polo que cómpre procurar novas vías neste sentido.<br>3. A este respecto débese consignar a participación do Máster en Servizos Culturais na estratexia de captación de alumnado internacional desenvolvida, no curso 2021-22, desde a Vicerreitoría de Titulacións, e consistente nas seguintes accións:<br><br>**Actividade 1:** Preparación e gravación de material audiovisual sobre o máster (decembro de 2021) para difusión internacional, atendendo ás demandas do estudantado obxectivo. Esta actividade conta con financiamento polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e la USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. O vídeo do MSC pode localizarse individualmente aquí (pero non permite descarga): https://usc-openday-2022.webflow.io/22-febrero.<br><br>**Actividade 2:** Participación en xornada de portas abertas virtual (Artes e humanidades, 22 de febreiro) mediante *webinar* coa presentación de másters da mesma área de estudos, coa correspondente sesión de preguntas e respostas para resolver dúbidas dos programas ou dos procedementos de admisión internacional. A materialización da actividade, promocionada a través de *mailing* a 450K persoas e cun alcance a través de redes sociais de 168.765 e 100.199 nas distintas publicacións, resultou en 1045 persoas, entre as rexistradas e as que participaron sen se ter rexistrado, 75 delas na rama de Artes e Humanidades.<br><br>A xornada completa pode ser visualizada aquí: https://www.youtube.com/watch?v=GKvuXbfKEaY.<br><br>-En comisión académica do MSC (reunión do 21 de decembro de 2021), decidiuse a elevación dos requisitos de coñecemento dunha das linguas oficiais da comunidade (castelán ou galego), desde B2 a C1. A decisión ten como razón de ser a evidencia de que o alumnado internacional sen un coñecemento avanzado de idiomas é practicamente imposible que titule no máster, dado o carácter eminentemente lingüístico do traballo que as e os alumnos deben realizar nel.<br>-Elevación, desde o Decanato da Facultade de Humanidades e á Vicerreitoría de Organización Académica da USC, dun escrito en que se denuncia a perda de prazas para alumnado estranxeiro debida á non aplicación en termo do requisito de idioma establecido por cada título. O escrito foi enviado o día 26 de xaneiro de 2022 e reprodúcese como anexo 1 do presente |

documento.
O Decano da Facultade de Humanidades comprométese a facer o seguimento dos resultados do escrito.

En calquera caso, debe indicarse que os datos relativos á procedencia xeográfica e formativa do alumnado (INF 16, IN01M, IN02M, IN03M, IN04M, IN05M, IN06M, IN07M, IN08M, IN09M, IN12M, IN13M) debuxan un título atractivo internacionalmente, cunha demanda que se sintetiza na seguinte información:

**Estatística de Preinscricións en Másters**

| Estadistica Xeral de Preinscricións en Másters | | | |
|---|---|---|---|
| Convocatoria xeral e vacantes | | | |
| Máster | Nº de plazas | Nº de solicitudes | Nº de matrículas* |
| M.U. en Servizos Culturais (3ªed) | 22 | 71 | 22 |
| Convocatoria anticipada | | | |
| Máster | Nº de plazas | Nº de solicitudes | Nº de matrículas* |
| M.U. en Servizos Culturais (3ªed) | 3 | 14 | 3 |

O número de persoas procedentes de Hispanoamérica e ligadas á convocatoria de bolsas BEME da Xunta de Galicia ascendeu durante este curso a tres, procedentes de México Arxentina e Cuba (https://nubeusc-my.sharepoint.com/:b:/g/personal/marcos_franco_usc_es/EV8ZAKxUxL9LiUzMYReRiJ0BcX8Xxwe-Z7dclxFxIl6nUg?e=yWQJwU).Captáronse ademais dous estudantes estranxeiros (procedentes de Portugal e Italia). A diversificación interna canto á universidade de orixe (máis da metade non cursou os estudos previos na USC, con varias persoas procedentes de fóra de Galicia e/ou residentes fóra de Galicia durante a realización do máster) e canto ás titulacións de procedencia (esta última observable no I2) permite afirmar que o título está consolidado no seu atractivo para persoas de moi diverso perfil formativo orixinal e moi diversa localización xeográfica.

No informe de seguimento do curso 19-20 estaba prevista a realización e conclusión da seguinte acción de mellora conxunta para a Facultade de Humanidades:

> Elaboración, conxuntamente, por tanto, co Grao en Xestión Cultural, dun Plan de Internacionalización para a Facultade de Humanidades que conteña: relación de centros e títulos de interese (pola semellanza na formación ou na modalidade de impartición) e canles de aproximación a estes, especificidades do ensino de máster, aproveitamento do programa Erasmus Prácticas, mobilidade do profesorado e do alumnado e cronograma da acción.

Realizouse unha análise dos títulos próximos ao MSC en universidades españolas e de Portugal, Francia e Italia, mais a situación pandémica impediu o establecemento de contactos para a elaboración do plan de internacionalización. A inestabilidade normativa, xerada pola reforma do marco global lexislativo en que se moven as universidades españolas, impediu tamén continuar co proceso, aínda que está previsto retomar a acción de mellora proximamente. A análise reprodúcese como anexo 2 do presente documento.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
A valoración é positiva para os aspectos pertinentes no título (primeiro e terceiro).
-Canto ao primeiro aspecto, os mecanismos de coordinación horizontal e vertical entre materias establecidos polo MSC aparecen reflectidos nas seguintes Accións de Mellora, xa propostas e executadas en cada curso académico:

-Comunicación fluída co profesorado a través do correo electrónico, para que este sexa informado de calquera incidencia de relevo para o título. Trátase da Acción de Mellora 9.
Porén, a percepción dunha certa ineficacia no emprego do correo electrónico tanto para o profesorado como para o alumnado, así como a condición de semipresencial do título, fan que se tenda a empregar na comunicación con estes grupos de interese (e con subgrupos tales como alumnado en prácticas e outros) a ferramenta virtual "Aula de coordinación". Esta permite unha maior axilidade na selección do público diana, e pode ser empregada simultaneamente por varias persoas, responsables cada unha delas de diferentes sectores de comunicación (por exemplo, a coordinadora de prácticas, o responsable técnico, a coordinadora do título, etc.).
Neste sentido, indicamos que a recomendación da ACSUG, contida no plan de melloras esixido por esta para a renovación da acreditación da titulación e que afirma o seguinte:

*Se recomienda agilizar el uso de foros de dudas a través del campus virtual, no relegando la resolución de las a la relación bilateral profesorado-alumnado o coordinado/a-alumnado a través de correo electrónico.*

é seguida máis no espírito (diversificación de procedementos de contacto, a respecto do correo electrónico) do que na letra. Na práctica, téndese a un sistema de comunicación que se basea no seguinte esquema (véxase Plan de Comunicación do MSC):
1.- Comunicación multilateral: preferentemente mediante a aula de coordinación, tanto á totalidade do alumnado como a sectores específicos deste ou a outros grupos de interese (profesorado). Puntualmente mediante o correo electrónico, agás os correos institucionais enviados desde a xestión do centro.
2.- Comunicación multilateral de cada materia co seu alumnado: preferentemente mediante a ferramenta "foro" da aula virtual da materia.
3.- Comunicación bilateral profesorado-alumnado, coordinadora-alumnado, coordinadora de prácticas-alumnado, responsable técnico-alumnado: no caso dos docentes, tanto mediante a ferramenta "foro" de cada unha das aulas virtuais das materias como mediante a ferramenta Microsoft Teams, crecentemente empregada tamén para as titorías a distancia. No caso dos responsables técnicos e administrativos, correo electrónico e crecente emprego da ferramenta Microsoft Teams (especialmente para a titorización a distancia do alumnado, na resolución dos problemas técnicos e/ou relativos a prazos, solicitudes e matrícula). A atención telefónica continúa sendo posible en todos os casos.

-Acción de Mellora 3: elaboración dun modelo unitario de guía docente que permita unha máis áxil comprobación dos contidos. Finalizou a súa confección no curso académico previsto e o modelo foi posto a disposición do profesorado para o seu emprego no curso 21-22 e reprodúcese como anexo 3 do presente documento.

-Acción de Mellora 8: elaboración dun cronograma que permite visualizar o traballo do curso para o alumnado (actividades que encargan as/os diversos/as docentes e indicación das súas datas de remate) de maneira conxunta. Esta ferramenta revelouse de especial interese para detectar solapamentos entre actividades de distintas materias, así como para crear a consciencia de que o período de maior carga e intensidade docente común é o comprendido entre os meses de outubro e decembro de cada curso académico. A medida redundou na redución do abandono precoz do título, ao executarse conxuntamente coa Acción de Mellora 14.

-Acción de Mellora 18: exame, por parte da comisión académica do título, dos programas das materias e guías docentes levada a cabo pola comisión académica do título anualmente, no final do prazo en que as programacións se encontran abertas. Permite detectar solapamentos e sobrecarga de actividades. Trátase da Acción de Mellora 18.

-Canto ao terceiro aspecto, os mecanismos de coordinación das prácticas na USC acóllense ao Regulamento de Prácticas Externas da USC (https://www.usc.gal/gl/servizos/oiu/practicas.html), en que se especifica o labor da/o titor/a académico/a e profesional. O número de alumnas/os que realizan prácticas curriculares ten que ver fundamentalmente coa escolla da orientación profesional ou investigadora para cursar o MSC, mais a proporción de alumnado matriculado nestas é importante: 21 persoas dun total de 38 (hai que ter en conta o feito de que os números inclúen as persoas que realizan o título a tempo

parcial e mais as que repiten matrícula), o que significa un 55,26% do total. Esta tendencia á alza reflíctese no indicador IN22M; a orientación alcista, perceptible nos últimos cursos, continúa na actualidade. Melloran tamén os datos de satisfacción de titores/as externos/as e internos/as, sinalados nos IN20M e IN21M. Destes datos deducimos que o interese por cursar o MSC na súa orientación profesionalizante é crecente.

A realización da acción de mellora erroneamente numerada o curso pasado como 28, consistente na elaboración dun Plan de Prácticas externas da Facultade de Humanidades, non foi executada na súa totalidade e como tal, mais si se realizaron as seguintes subaccións por parte das distintas persoas con responsabilidade na implementación e deseño do programa de prácticas da Facultade:
-No relativo á selección dos espazos de prácticas, a caducidade dos programas obrigou a un traballo activo para conseguir que distintos espazos anteriormente conveniados continuasen sendo válidos para o noso alumnado. Na interlocución con empresas e institucións participou a xestora administrativa do título, a coordinadora de prácticas, a coordinadora do MSC e o Decano da Facultade de Humanidades.
-No relativo á atención do alumnado que efectivamente estaba xa cursando as súas prácticas, organizáronse tres encontros, o primeiro dos cales foi gravado: un ao principio do período de prácticas (con información relativa á acollida nestas), outro na metade do período (para o seguimento) e un ao remate. Nel participou o alumnado en prácticas e mais as coordinadoras de prácticas e do MSC.
-No relativo á renovación dos programas de prácticas, a xestora administrativa levou a cabo un intenso traballo de interlocución para a renovación, con dificultades notables no caso daqueles convenios que pendían doutros xenéricos establecidos pola USC con diversas institucións (FEGAMP, Deputación e Concello de Lugo). A demora na sinatura destes marcos normativos por parte da institución afectou considerablemente á marxe de iniciativa e manobra que restou nos propios títulos, como é o caso do MSC.
-No relativo á busca activa de novos espazos de prácticas, a coordinadora do MSC e o Decano da Facultade de Humanidades realizaron un traballo activo de interlocución coas áreas de cultura (e nalgúns casos turismo) de diversas institucións: Deputacións de Lugo e Ourense, Consellería de Cultura, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Fundación Cidade da Cultura, etc. O traballo consistiu en contactos telefónicos e presenciais cos/coas responsables dos devanditos ámbitos, e propiciou a detección tanto das áreas-diana que aínda quedan sen cubrir (afortunadamente, a menor cantidade) como dos requisitos que estas achegan para a aceptación do alumnado do MSC.
-Indicamos tamén que desde a Facultade se elaborou unha listaxe de empresas e institucións que manifestaron de forma expresa o seu interese en colaborar na organización das prácticas externas do Grao en Xestión Cultural. A listaxe aparece recollida na memoria do título (véxase Apartado 7, anexo I, https://www.usc.es/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-xestion-cultural-presencial) e é posible rendibilizar estas de cara ás prácticas do máster.
-Asimesmo debe consignarse o bo funcionamento do espazo reservado ás prácticas externas dentro da aula de coordinación do MSC: o alumnado é informado con rapidez das convocatorias e do proceso de tramitación das prácticas, así como das reunións de seguimento destas anteriormente indicadas. Os e as alumnas teñen ademais un espazo habilitado para unha interlocución personalizada coa coordinadora de prácticas, sobre cuestións específicas relativas ás súas circunstancias particulares.
Debe indicarse ademais que o alumnado propiciou a celebración de novos convenios de cooperación educativa cunha determinada entidade a través da Facultade, tendo dereito preferente este alumnado a desenvolver as prácticas na entidade asinante. Esta opción foi escollida por 4 alumnos/as e facilita a posibilidade de que persoas de fóra da Comunidade Autónoma realicen prácticas ligadas ao título.
O traballo sobre as prácticas refíctese no positivo do INF07 (satisfacción do profesorado titor de prácticas externas coas prácticas externas).
Canto ao cumprimento conxunto da anteriormente denominada, de xeito erróneo, acción de mellora 29, queda realizar unha reunión das persoas con responsabilidades no ámbito (cara a finais de curso) para o establecemento dun balance das actividades realizadas e a programación de novas accións e subaccións de cara ao vindeiro curso.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración é positiva. Existe unha total coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria e o perfil real do estudantado. Este caracterízase pola súa diversidade dentro das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, segundo se pode ver na información achegada polas seguintes evidencias:

| **Evidencia (identificación e denominación)** | **Comentario da evidencia, xustificativo da achega desta a unha valoración positiva** |
|---|---|
| IN04M (Matrícula de novo ingreso por preinscrición) | Cóbrense 27 das 25 prazas por este método, a pesar de que a USC segue permitindo o desestimento de matrícula nas mesmas condicións desavantaxosas recensionadas en anos anteriores. |
| IN01M (Prazas ofertadas) | Mantense o número de prazas ofertadas e a estabilidade na demanda. A diversidade de perfís de acceso despréndese do exame do INF16 e do I2. |
| IN02M (Matrícula) | |
| IN03M (Matrícula de acceso) | |
| IN04M (Matrícula de novo ingreso por preinscrición) | |
| IN05M (Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición) | |
| [comentario conxunto dos tres] | Estes datos melloran, aínda sendo de partida xa positivos. |
| IN06M (Nota media de acceso por preinscrición) | |
| IN07M (Porcentaxe de estudantes que acceden á tit. Con nota media igual ou superior a 6) | |
| [comentario conxunto dos dous] | Os datos, de entrada xa positivos, estabilízanse ou melloran para estes dous indicadores. |
| IN08M (Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados) | Se ben o número é reducido, teríase que completar con aqueles estudantes con nacionalidade española pero con estudos realizados no estranxeiros (na súa maior parte bolseiros/as BEME), no curso académico analizado de grande entidade cuantitativa (cfr. ID 12). De todos os xeitos parece destacable a tendencia á alza. |
| IN09M (Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados) | A tendencia a captar algúns estudantes con este perfil mantense, aínda que decrece levemente. |
| IN12M (Taxa de ocupación) | O dato supera ao do curso pasado. |
| IN13M (Porcentaxe de matriculados que son titulados USC) | O dato é moi favorable cuantitativamente, pois segue decrecendo a porcentaxe, o cal indica que a captación do MSC cada vez se liga máis a ámbitos diferentes da USC. |
| IN17M (Mobilidade saliente sobre o total) | |
| IN18M (Mobilidade entrante sobre o total) [comentario conxunto dos dous] | A ausencia de estudantes en ambos os sentidos ten que ver coas dificultades para xerar mobilidades en títulos de máster de 60 créditos anteriormente comentadas. Sinaláronse no apartado anterior as estratexias que tentan paliar esta dificultade. |
| IN22M (estudantes en prácticas) | O indicador foi comentado anteriormente, no apartado referido ás prácticas. |

En síntese, parece evidente a estabilidade das tendencias positivas detectadas. Porén,quérese deixar constancia do estado na execución das seguintes accións de mellora (non novas mais de realización anual), que propiciaron a consolidación da tendencia:

| Accións de mellora asociadas ao subcriterio | Comentario acerca da súa eficacia, necesario mantemento, necesaria supresión ou substitución por outras |
|---|---|
| AM-1 | A acción de mellora non se puido realizar este curso, ao retirarse o financiamiento externo aos másters por parte da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo. Prevese recuperala en canto sexa posible conseguir de novo o financiamiento. |
| AM-5 | A modificación do acceso cara a igualar as áreas de Humanidades e Ciencias Sociais tivo o efecto de atraer cara ao título un importante número de titulados/as na área de comunicación. |
| AM-6 | A atención á diversidade lingüística do alumnado fai que aquelas persoas que non traballan coa lingua galega se sintan atraídas polo título e cómodas unha vez nel. |
| AM-16 | A sinatura dun convenio Erasmus específico cun título portugués de características similares favorece a captación de alumnado internacional. |
| AM-23 | A implementación da docencia síncrona a través de Teams fai que un alumnado máis diverso e non radicado en proximidade se interese polo título. |

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

A valoración é positiva, coas salvidades que se indican deseguido.

Como primeira indicación, déixase constancia de que a USC aínda non xerou unha normativa específica para o desenvolvemento dos títulos que se ofrecen en modalidade non presencial, polo que se considera non é responsabilidade do MSC a mellora que neste sentido solicita a ACSUG no informe final para a renovación da acreditación, e que continúa pendente baixo a responsabilidade da institución:

*Tras analizar el proceso de implantación y desarrollo de este máster, la Comisión de Evaluación indica la necesidad de que la Universidad de Santiago de Compostela articule un reglamento y/o un procedimiento específico para las enseñanzas ofertadas en modalidad semipresencial. Este reglamento o procedimiento específico debe ajustarse a los requerimientos de este tipo de modalidades de enseñanza que se concretan en las guías de evaluación de ACSUG y su posterior actualización a través de los documentos de la Red Española de Agencias de Calidad Universitaria (REACU). Como consecuencia de la regulación que establezca la*
*Universidad de Santiago, y si fuera necesario, se debería modificar la memoria de verificación del título para ajustarla al procedimiento legal establecido para este tipo de enseñanzas semipresenciales.*

No MSC xa se aludía a esta necesidade como Acción de Mellora 10, aínda que neste momento o seu cumprimento por parte da institución segue pendente e, desde a perspectiva do título, nada se pode facer neste sentido á parte de sinalar unha vez máis a necesidade de nos situar nun marco normativo que ampare as actuacións e decisións tomadas en cada momento. Por outra banda, o momento actual presenta a dificultade engadida de que está pendente a adaptación da normativa autonómica ao previsto, canto a modalidade de impartición, pola recentemente aprobada *Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades*. Porén, queremos deixar constancia de que a Facultade de Humanidades está no proceso de redacción dunha normativa propia, de uso interno, para fixar as pautas específicas asociadas ao modelo utilizado en aspectos tales como o calendario de exames e outros. Mentres tanto, desde a Facultade xa se elaborou unha guía que, mediante a estrutura de preguntas frecuentes, transmite ao alumnado información sobre as características da modalidade semipresencial, facendo especial fincapé nas peculiaridades de impartición da docencia e na presencialidade dos exames (pode recuperarse en https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/65t7NnQbhpJZGn_I2OneC9ssw6t1UiHAIzxKbX9ImWE/1635401043/public/documents/2021-05/Guia-semipresencialidade-definitiva_0.pdf)
e fáiselle chegar ao futuro alumnado, demandante de información sobre o grao.

Canto á aplicación das outras normativas ás que se alude no epígrafe (“relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, etc.”), non hai constancia de que houbese incidencia ningunha que supuxese un problema para o desenvolvemento do MSC. A xestión de TFMs réxese desde hai algúns anos polo documento *Normativa do Traballo Fin de Máster do Máster en Servizos Culturais* (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/humanidades/descargas/NORMATIVA-DO-TFM-EN-SERVIZOS-CULTURAIS-aprobada-consello-de-goberno-18-10-2017.pdf) e conta tanto cun programa como cunha guía docente da materia “Traballo Fin de Máster”. No curso 2020-2021 celebrouse mediante Microsoft Teams unha reunión explicativa para explicar as características do traballo, e esta foi gravada e subida á aula de coordinación do título. A respecto da xestión das prácticas externas achegáronse anteriormente os comentarios pertinentes.

Para a posibilidade de que o alumnado detecte dificultades que poidan pasar desapercibidas por seren de tipoloxía variada, o MSC puxo a disposición deste un buzón de queixas e suxestións, en que se recibiron un total de seis achegas, todas as cales foron atendidas e debatidas convenientemente na CA do título; esta circunstancia pode ser comprobada mediante a lectura das actas da comisión, en que se deixou constancia da existencia de cada unha das achegas e mais do debate sobre elas.

Como modificación que continuou en vigor (xa fora implementada no curso 2019-2020, aínda que daquela de emerxencia), e que ten que ver co seguimento das indicacións do SXOPRA da USC e coa pandemia, débese indicar que a defensa dos TFMs continuou sendo mediante a plataforma Microsoft Teams, para evitar ao máximo os riscos derivados da presencialidade. Porén, os exames das diferentes materias, en ambas as oportunidades e cuadrimestres, foron presenciais, sempre garantindo o cumprimento das medidas sanitarias en vigor en cada momento.

Finalmente débese indicar que, ao igual que o curso pasado, tanto na titoría individual con cada alumna/o como na sesión de presentación do título, gravada e posta a disposición do alumnado a través da aula de coordinación do máster, foi seguida a indicación da ACSUG, contida no informe final polo que se renova a acreditación do MSC, e que se reproduce deseguido:

*Se debe mejorar el conocimiento del SGC por parte del estudiantado del máster. Se deben incrementar las acciones de promoción del SGC con el objetivo de informar al alumnado sobre cómo los procesos de mejora continua que surgen del SGC impactan en la mejora de las enseñanzas que están cursando. En esta línea, se recomienda hacer una mayor publicidad de las acciones puestas en marcha por los centros como consecuencia de las solicitudes del alumnado a través de las encuestas de satisfacción, del procedimiento de quejas y sugerencias o de las reuniones del PAT.*

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Considérase que se cumpre o criterio e achégase os seguintes argumentos:

1. Canto á indicación, por parte da ACSUG e contida no informe de renovación da acreditación, de actualización da información referida ás materias que se imparten (fragmento reproducido),

*En rasgos generales, la información publicada en las páginas web [...] es objetiva, suficiente y está actualizada, aunque cabe indicar las siguientes mejoras [...] Se mantiene la información acerca de las materias optativas que ya no se están ofertando, sin especificar que no se han impartido durante los dos últimos cursos académicos. En el caso de la asignatura de portugués, el idioma luso sigue figurando entre las lenguas de uso en la titulación a elección del alumno/a en una de las materias del título.*

debemos indicar que a actualización solicitada xa se fixo no inicio do curso 2019-2020 e así se reflectiu no correspondente informe de seguimento. Ademais, todas as modificacións previstas para o plan de estudos e indicadas anteriormente van ser consignadas de maneira explícita na web da USC, para que os alumnos e alumnas entrantes sexan coñecedoras/es da súa existencia na oferta da titulación.

2. No referido á indicación, por parte da ACSUG e contida no informe de renovación da acreditación, de que se retire a indicación de que a asistencia ás sesións de aulas non é obrigada, como se reflicte no seguinte fragmento:

*En la primera de las webs reseñadas, la que el Autoinforme reconoce como más importante en la difusión de la información pública a potenciales alumnos/as del máster, no figura ninguna referencia a los exámenes presenciales, sin embargo, incide fuertemente en el carácter semipresencial del título y la no obligatoriedad de los cursos presenciales. Este último aspecto debe actualizarse ofreciendo la información acorde a lo especificado en la memoria y cumpliendo con el mínimo de presencialidad exigido en este tipo de enseñanzas semipresenciales.*

debemos indicar que se realizou a modificación esixida pola ACSUG durante o curso 2019-2020, e así foi reflectido no correspondente informe de seguimento.

En relación coa información pública dispoñible están en marcha ou realizadas as seguintes Accións de Mellora:

-Acción de Mellora 11: na sesión de benvida realizada presencialmente e por *streaming* para contactar coa totalidade do alumnado, explícanse os aspectos máis relevantes e inclúese unha rolda de preguntas libres.
-Acción de Mellora 14: nas titorías individualizadas que se realizan no primeiro mes de curso o alumnado ten a posibilidade de formular cuestións concretas, centradas en aspectos propios do seu perfil académico e profesional.
-Acción de Mellora 22: elaboración do Plan de Comunicación do MSC.
Deseguido achégase o Plan de Comunicación do MSC, aprobado na CA do MSC do día 16 de abril de 2021. Débese indicar, non obstante, que o Plan sintetiza a política de comunicación desenvolvida polo título nos tres últimos cursos académicos, polo que non se trata tanto dunha folla de ruta que se vaia implementar de agora en diante, senón da

compilación das actuacións en materia de comunicación desenvolvidas neste período e que continuarán no futuro.
Por outra banda, establécese, dentro da Acción de Mellora 22, unha subacción consistente na introdución dunha revisión anual do plan que terá lugar na comisión académica última de cada curso, ou na primeira do seguinte (entre os meses de xullo e setembro de cada ano). Esta revisión servirá de avaliación das medidas previstas e canles de comunicación a elas asociadas.

Plan de comunicación MSC

| **Grupo de interese** | **Aspecto** | **Temporalidade da información** | **Estratexia utilizada para informar ao grupo de interese** | **Medio de comunicación empregado para informar ao grupo de interese** | **Persoa encargada ou responsable** |
|---|---|---|---|---|---|
| Futuro alumnado | Aspectos diversos/globais do título | Ao longo de todo o ano, con especial incidencia dos períodos de prematrícula (anticipada e común) | Elaboración de materiais que dean a coñecer axeitadamente as características do título (duración, modalidade de impartición, plan de estudos, principais procesos, etc.) | Páxina web da Facultade | Responsables da USC |
| | | | | Oficina de Información Universitaria da USC | Responsables da USC |
| | | | | Redes sociais da Facultade | Responsable técnico do título |
| Futuro alumnado | Plan de estudos | | Posta a disposición do futuro alumnado dun enlace web coa información sobre a estrutura do plan, complementando este con aspectos menos visibles no enlace (optatividade e obrigatoriedade, aspectos do TFM, aspectos das prácticas, espazos de prácticas conveniados, información sobre o procedemento de adxudicación de prácticas externas, etc.); | Correo electrónico | Coordinadora MSC, xestora administrativa, decano |
| Futuro alumnado | Modalidade de impartición | | | | |
| Futuro alumnado | Calendario académico (horario de clases, exames, etc.) | | | | |
| Futuro alumnado | Información sobre os espazos de prácticas dispoñibles no título | | | Encontros virtuais previos á matrícula mediante Microsoft Teams e/ou atención telefónica | Coordinadora MSC, decano |
| Alumnado | Dúbidas xerais sobre o título | Nas semanas previas ao inicio de cada curso académico | Elaboración dun documento base que sirve como fío condutor dos diferentes procesos relacionados co MSC | Sesión colectiva presencial e *online* (mediante Microsoft Teams), gravada e posta a disposición do alumnado na aula de coordinación do MSC | Coordinadora MSC e responsable técnico do título |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | | Nas primeiras semanas de cada curso académico | Entrevista persoal con cada alumno/a (serve para aclarar dúbidas, detectar posibles candidatas/os a tempo parcial, informar sobre procedementos diversos, etc.) | Titoría presencial ou mediante Microsoft Teams | Coordinadora MSC |
| Alumnado | Información sobre as canles de comunicación do máster, servizos técnicos e inicio de curso | Ao remate de cada un dos prazos de matrícula | Envío de información sobre o persoal do título e funcións, enlaces web dos distintos servizos necesarios para realizar trámites, facer o seguimento das clases, correo electrónico e ferramentas ofimáticas | Correo electrónico | Responsable técnico do título |
| Alumnado | Información sobre bolsas e axudas | Ao longo de todo o curso académico | Envío de información e enlaces ás convocatorias | Aula de coordinación do MSC | Coordinadora MSC e responsable técnico do título |
| Alumnado | Adxudicación de liñas temáticas para o TFM | No primeiro mes de curso | Comunicación co alumnado para a selección de liña, adxudicación provisional, adxudicación definitiva | Correo electrónico<br>Páxina web da Facultade | Xestora da Facultade |
| | | | | Información na sección de alumnado da aula de coordinación do MSC | Responsable técnico do título, coordinadora MSC |
| Alumnado | Selección do espazo de prácticas | No primeiro trimestre de curso | Comunicación co alumnado para a indicación dos espazos de prácticas dispoñibles, adxudicación provisional, adxudicación definitiva | Correo electrónico<br>Páxina web da Facultade | Xestora da Facultade |
| | | | | Información na sección de alumnado da aula de coordinación do MSC | Responsable técnico do título, coordinadora MSC, coordinadora de prácticas |
| Alumnado | Acompañamento e titorización durante as prácticas | No segundo cuadrimestre do curso | Titorías colectivas sobre as prácticas: inicial, intermedia, final | Encontro físico e virtual en días pactados, gravado e posto a disposición do alumnado mediante a aula de coordinación do MSC | Responsable técnico do título e coordinadora de prácticas (sesións de titorías)<br>Responsable técnico do título e coordinadora |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | de prácticas (atención á aula de coordinación do MSC, na sección de prácticas externas, para dúbidas puntuais que poidan xurdir) |
| Alumnado | | | Resolución de incidencias derivadas das prácticas, xestión da documentación sobre as prácticas | Correo electrónico | Xestora da Facultade, coordinadora de prácticas, coordinadora MSC, profesores/as titores/as académicos de prácticas |
| | | | | Aula de coordinación MSC | Responsable técnico do título, coordinadora MSC, coordinadora de prácticas |
| Alumnado | Incidencias diversas (modificacións de matrícula, períodos de cambio de matrícula, períodos de defensa de TFM) | Ao longo de todo o curso | Resolución de incidencias e dúbidas variadas | Correo electrónico<br>Páxina web da Facultade | Xestora da Facultade, coordinadora MSC, responsable técnico do título |
| | | | | Aula de coordinación MSC (ferramenta "foro", para consultas individuais) | Responsable técnico do título, coordinadora MSC |
| | | | | Buzón de queixas e suxestións da aula de coordinación MSC | Responsable técnico do título (comunícao á coordinadora, quen o eleva á comisión académica do MSC) |
| Profesorado | Incidencias diversas, colectivas ou individuais | Ao longo do curso | Resolución de incidencias e dúbidas varias; modificacións na planificación docente | Correo electrónico | Xestora da Facultade, coordinadora MSC, responsable técnico do título, decano |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Profesorado | Adxudicación de liñas temáticas e comunicación de profesorado titor de prácticas externas | Durante o primeiro cuadrimestre do curso | Comunicación ao profesorado das súas responsabilidades como titor/a de TFMs e titor/a de prácticas externas | Correo electrónico | Xestora da Facultade |
| Egresados/ as | Mantemento do contacto para resolución de dúbidas (continuación de estudos, empregabilidade) | A partir do momento en que cada persoa remata a titulación | Obtención de información sobre o perfil laboral das persoas egresadas e facilitamento de ofertas laborais ligadas ao sector | Correo electrónico (obtención do correo persoal a partir da sesión final do curso ligada á empregabilidade) | Responsable técnico do título, coordinadora MSC |
| | | | | Redes sociais da Facultade | Responsable técnico do título |
| Sectores profesionais da xestión cultural | Procura de asesoramento e implicación en procedementos diversos ligados ao título | Ao longo de todo o curso académico | Canalización de ofertas laborais ligadas ao sector, asesoramento en diferentes aspectos do título, contacto con profesionais que se poidan encargar de docencia de materias concretas | Correo electrónico | Decano da Facultade |
| | | | | Comité Consultivo Externo (convocatoria) | Reunión periódica anual prevista e posibles reunións extraordinarias |
| | | | | Redes sociais da Facultade | Responsable técnico do título |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**<br>**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>Durante o curso 2020/2021 tanto a Comisión Académica do Máster en Servizos Culturais como a Comisión de Calidade proseguiron desenvolvendo e implantando, segundo o establecido no SGIC, os mecanismos para a recollida de información, a detección e análise das problemáticas e debilidades, as propostas de accións de mellora para subsanalas, a súa implantación e seguimento. A principal vía para tratar e solucionar todas estas cuestións consistiu na celebración dunha serie de reunións periódicas tanto de carácter ordinario, normalmente de carácter mensual, en especial no que atinxe á citada Comisión Académica do Máster, a fin de ir tratando os asuntos de tipo ordinario durante o curso académico, como extraordinario cando as circunstancias motivadas por prazos axustados ou pola urxencia do asunto a tratar así o aconsellaban. A continuación estes mesmos asuntos sométense tamén á consideración e aprobación por parte da Comisión de Calidade para posteriormente ser ratificados nas reunións da Xunta de Centro e finalmente incluírse no informe que o decanato presenta nas xuntas ordinarias ao final de cada semestre. As convocatorias de cada reunión realízanse cunha antelación mínima de 48 horas, segundo o establecido no regulamento, mediante correo electrónico e no que xunto coa propia convocatoria figura toda a documentación que se vai a tratar na orde do día. De cada reunión desta e do resto de comisións o secretario da mesma levanta unha acta na que figura a data, hora de inicio e remate, relación de asistentes, ausentes e desculpas de asistencia e os acordos adoptados durante a celebración da mesma, e á que se adxunta para a súa arquivación en papel no arquivo da oficina da Secretaría do Decanato toda a documentación acreditativa dos temas tratados (informes, estado de execución das accións de mellora, relación de títulos de TFM, de asignación de prácticas externas etc.). Ao longo do curso 2020/2021 as cuestións debatidas e acordadas na Comisión Académica do Máster en Servizos Culturais foron as seguintes:<br>- Informe da Coordinadora sobre os datos de matrícula do alumnado matriculado.<br>- Informe da Coordinadora sobre o estado de execución das accións de mellora.<br>- Aprobación das prácticas de empresa ou o seu recoñecemento por experiencia profesional.<br>- Aprobación do calendario de solicitude para a defensa do TFM, da asignación provisoria de liñas temáticas e titores, de prórrogas e definitivas dos títulos re resumos dos TFM.<br>- Aprobación das solicitudes de matrícula a tempo parcial.<br><br>No curso 2020/2021 proseguiuse coa execución das accións de mellora que, na súa maioría, estiveron relacionadas con dous aspectos fundamentais, isto é, a adopción de medidas en relación á mellora na visualización do Máster e da substitución de materias que causaron baixa. Neste senso a Coordinadora presentou un informe na reunión ordinaria celebrada o 2 de decembro de 2020 sobre o estado de execución das accións de mellora, volvendo a repetirse isto na do 16 de abril de 2021, coincidindo coa aprobación do autoinforme de seguimento do curso 2019/2020. En todos os casos como proba da súa execución apórtanse |

os argumentos debidamente acreditados en base a informes, correos de resposta a cuestións plantexadas derivadas de consultas realizadas etc.
No que atinxe ás prácticas de empresa, a Comisión Académica do Máster aproba, en primeiro lugar, a convocatoria de ditas prácticas (reunión do 2 de decembro de 2020) para posteriormente realizar unha adxudicación provisoria das mesmas (reunión do 19 de xaneiro de 2021) e finalmente a definitiva (reunión do 10 de febreiro de 2021). O alumnado que debidamente o acredite mediante a presentación dun contrato laboral, certificado da súa vida laboral ou outros documentos, recoñéceselle estas prácticas externas por experiencia profesional, tal e como pode verse nas reunións celebradas o 10 de febreiro e o 11 de marzo de 2021.
Con respecto á interlocución realizada cos órganos de goberno da USC, cómpre destacar o seguinte:

- O 3 de decembro de 2020, en aplicación do acordo acadado na Comisión Académica do Máster do 2 de decembro, o decanato dirixiu un escrito ao Servizo de Asesoría Xurídica da USC preguntando sobre a potestade da propia Comisión para fixar un número máximo de días para a corrección das tarefas na aula virtual de cada materia por parte do docente.
- Reunións mantidas co Vicerreitor de Profesorado e co Adxunto á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo para Estudantes, Internacionalización, Cultura e Servizos en relación á materia de "Portugués", tal e como se informou na reunión do 19 de febreiro de 2021.
- Interlocución co Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (acordo do 19 de xaneiro de 2021) a fin de consultar a posibilidade de ofertar 1 praza para o alumnado con necesidades especiais.

Por outra parte a mellora da avaliación e da calidade do ensino esixe a execución dunha serie de actividades das que destacaremos as seguintes:

- A revisión da programación docente de cada materia por parte da propia Coordinadora a fin de verificar se se axustan aos parámetros esixidos, en especial en canto á avaliación, pero tamén prestando atención a outros tales como a necesidade de outorgar unha puntuación ás diferentes actividades, a fixación dun prazo para a súa corrección etc. (reunión do 2 de decembro de 2020). Unha vez revisados a propia Coordinadora informa aos membros da Comisión das carencias detectadas nos mesmos para a súa subsanación (reunión do 3 de xuño de 2021).
- A interlocución constante co alumnado dende o comezo do curso. Esta interlocución concrétase en accións como unha xornada de presentación na que se explican os aspectos máis destacados do Máster, presentación esta que ademais é gravada e posta a disposición do alumnado na aula de coordinación; titoría inicial individual para cada alumno e que se repite ao longo do curso; infórmase das liñas temáticas do Máster, das prácticas externas e do proceso de elaboración e defensa do TFM mediante unha reunión coa Coordinadora. Para esta labor de interacción co alumnado recórrese a ferramentas como foros, correo electrónico e Microsoft Teams.

En resume o conxunto de tarefas despregadas son unha aposta decidida por mellorar o coñecemento e difusión do SGIC entre o propio estudantado e propiciar a súa aplicación a todos os procesos en marcha.
En relación ás suxestións ou queixas por parte do alumnado durante o curso 2020/2021, todas elas foron trasladas por parte da Coordinadora ás reunións da Comisión Académica do Máster onde foron debatidas e resoltas de maneira satisfactoria.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ao longo do curso 2020/2021 realizáronse as seguintes accións relacionadas con este aspecto:

- Elaborouse e aprobouse o informe seguimento do Máster do curso 2019/2020 na reunión celebrada o 16 de abril de 2021, posteriormente ratificado pola Comisión de Calidade (reunión do 19 de abril de 2021).
- Iniciouse e continuouse coa implementación de moitas accións de mellora.
- Procedeuse a adscrición a áreas de coñecemento dúas novas materias, isto é, "Soportes virtuais para o patrimonio" e "Xestión de proxectos culturais" a implementar durante o curso 2021/2022 (Comisión Académica do 4 de novembro de 2020).
- Modificación da composición da mesma Comisión Académica do Mestrado ao causar baixa o anterior coordinador de prácticas e ao incorporarse dous novos representantes de alumnado (reunións do 2 de decembro de 2020 e 10 de febreiro de 2021).
- Inicio do procedemento con vistas á modificación e simplificación da acta de defensa dos TFM a fin de facer o cálculo de nota máis doado, evitando as dificultades derivadas do uso dunha folla de excell manifestadas por parte de moitos membros dos tribunais (reunión do 2 de decembro de 2020).

Todas estas accións quedan reflexadas, como se expón, nas propias actas da Comisión Académica do Máster e nas propias accións de mellora. En consecuencia a atención a estas accións permite sinalar que o SGIC é unha ferramenta fundamental na introdución de modificación, que se acadaron moitos dos obxectivos plantexados e que se seguiron moitos dos aspectos que se debaten na propia Comisión e outros derivados do proceso de acreditación durante o curso 2018/2019.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Como consecuencia das deficiencias detectadas no SGIC durante o curso 2019/2020 plantexáronse unha serie de accións cuxa execución levouse a cabo durante o curso 2020/2021, destacando as seguintes:

- Aprobouse definitivamente o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Humanidades, previa revisión polo Servizo de Asesoría Xurídica da USC, na reunión da Xunta de centro celebrada o 18 de decembro de 2020.
- Aprobación na Comisión de Calidade (reunión do 23 de outubro de 2020) da Memoria de Calidade do curso 2018/2019, do Plan de Acción Titorial e da Guía da modalidade semipresencial para alumnado da Facultade de Humanidades.
- Aprobación na Comisión de Calidade do 11 de decembro de 2020 do Plan Estratéxico Ponte vixente ata o 2022, momento no cal a USC ten previsto presentar o seu propio plan estratéxico o que suporá a modificación do actualmente vixente.
- Na reunión da Comisión de Calidade do 25 de marzo de 2021 informouse sobre o inicio do proceso de elaboración da Memoria de Calidade correspondente ao curso 2019/2020.
- Aprobouse o Informe de Seguimento do Mestrado do curso 2019/2020 na Comisión de Calidade do 19 de abril de 2021.

- Finalmente na Comisión de Calidade do 4 de maio de 2021 aprobouse a Memoria de Calidade do curso 2019/2020.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**
**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
**Canto á cualificación:** desde logo que o profesorado conta cun nivel de cualificación suficiente, como se pode ver no informe (evidencia) E15, que comentamos deseguido:
-Canto ao perfil contractual e tipo de vinculación coa institución obsérvase un predominio da figura do/a Titular de Universidade, o que dá idea dunha grande estabilidade da plantilla. Porén, destacamos a presenza de dúas persoas profesionais externas, como un elemento positivo, síntoma da apertura cara a outros ámbitos de menor endogamia.
-A diversidade de áreas que conforman o título é tamén un valor importante que pode ser observado neste informe, equivalente á diversidade de perfís de entrada que acceden a el.
-A experiencia docente e investigadora do profesorado vese tamén reflectida no informe: as/os 32 docentes do título acumulan un total de 103 tramos da primeira e 46 da segunda.
Destacan tamén os datos positivos derivados do exame das seguintes evidencias:
IN24M (porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, continúa a tendencia ao seu incremento), IN25M (porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total, descende lixeiramente pero por causa, con probabilidade, do relevo xeracional en diversas áreas e mais da apertura de dúas materias a áreas externas) e IN26M (porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, aumenta lixeiramente). Débese subliñar así mesmo, que nun contexto de crecente substitución de docentes maiores por outros máis novos/as, consecuencia tamén da apertura a áreas temáticas menos clásicas (comentada anteriormente no relativo ás mudanzas do plan de estudos), o mantemento dunha elevada taxa de persoal estable e con mencións de calidade é unha nova extremadamente positiva.
Cabe destacar así mesmo, como dato positivo, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M) que rexistra un incremento fronte aos datos do pasado curso (4,24 sobre 5). A inclusión no plan de estudos das novas materias xa comentadas, que foron implementadas para a súa impartición no curso que está a ser avaliado mais non efectivamente impartidas ata o curso 2020-2021, así como a continuación dalgúns procesos de xubilación, redundará de seguro en modificacións nestes aspectos da plantilla contidos nas evidencias sinaladas. A incorporación de persoas novas para a impartición das novas materias enriquece sen dúbida o título, ao tempo que o diversifica.

Canto á mellora de competencias do persoal docente, especialmente para a docencia nun contorno dixital: seguiuse a indicación que se reproduce deseguido, procedente do Informe de renovación da acreditación do MSC:

*Se debe incentivar la participación del profesorado en programas formativos, especialmente para el desarrollo de las herramientas propias de la enseñanza semipresencial.*

O cumprimento desta indicación viuse directamente afectado pola situación pandémica, que seguiu desaconsellando a prevista organización de actividades formativas especificamente deseñadas desde a Facultade e centradas na modalidade de impartición . Porén, a formación do profesorado continuou avanzando na liña sinalada no plan de mellora, e así o demostran as seguintes evidencias:
- Segundo se indicou no informe do pasado curso (véxase anexo 1 do informe de seguimento 19-20, Plan de formación substitutivo realizado pola propia Facultade de Humanidades durante os meses de marzo a xuño de 2020), considérase que a formación achegada para o profesorado e ligada sobre todo ao *streaming* e, en menor medida, ao emprego da plataforma Moodle para a docencia, corresponde de maneira moi exacta á iniciativa ordenada pola ACSUG no seu informe de renovación da acreditación. Tratouse dunha formación personalizada, á que tiveron acceso a práctica totalidade dos/as docentes do máster, impartida na propia facultade de polo responsable técnico da titulación Marcos Franco. Os detalles sobre esta formación están contidos no informe de seguimento do pasado curso académico.
-Con todo, débese sinalar (de acordo coa E16-17) que a participación do profesorado en programas de formación duplica, no curso obxecto de avaliación, os datos do curso anterior. O bo nivel de satisfacción deste colectivo a respecto da formación que se ofreceu aparece reflectido no *Informe de Satisfacción Relación cursos PFID_2020-2021_Enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas. 2020-2021*, en que todos os ítems se valoran por enriba de 4 na escala de 5.
Como evidencias de que o corpo docente avanza no seu dominio dos recursos asociados á modalidade semipresencial achéganse as seguintes:
-O IN42M (satisfacción xeral dos egresados coa titulación) mantense estable arredor do 3,25 sobre 5, o que nun título impartido en modalidade semipresencial, cunha entrada de alumnado tan diversa canto aos seus perfís e expectativas, merecería unha comparación con outros másters semellantes canto a modalidade e características (a comparación cos títulos da área de Artes e Humanidades, ou mesmo de Ciencias Sociais, non parece válida dado o carácter non habilitante do título e a súa impartición en semipresencial).
-O IN46M (Satisfacción do alumnado coa docencia recibida) sinala que esta se mantén arredor dos 4 puntos sobre 5 (3,97). Este nivel conséguese ininterrompidamente desde o curso 2016-17; o dato permite considerar superado o rexistro moi inferior conseguido no curso 2015-2016 (algo menor de 3,5) que, naquel momento, si pode ser atribuído en boa medida á inexperiencia dos/as docentes na modalidade semipresencial. O feito de que a introdución do *streaming* non significase un retroceso deste nivel pode ser tido en conta como un aspecto extremadamente positivo.
De todos os xeitos e de acordo coa necesidade de cumprir a indicación, contida no Plan de Melloras do MSC aprobado pola ACSUG, relacionada co avance na formación dos/as docentes en modalidades de impartición non presenciais, deseñouse a Acción de Mellora 30 (curso 2021-22), que consta das seguintes tarefas:
-Contacto co CETA da USC para valorar se, dentro do PFID, é posible impartir na Facultade de Humanidades un curso sobre competencias dixitais avanzadas para a docencia, destinada a aquelas ferramentas das que se dispón en Moodle e que son menos coñecidas polo corpo docente. Expresamente se indicará que non se trata dun curso-tipo ou dun curso básico, senón que debe conter unha achega de experto/a ás ferramentas. A idea é desenvolver o curso no primeiro cuadrimestre do vindeiro ano académico.
-Contacto co profesorado da área de Comunicación da Facultade para ver se algún deles/as podería impartir un curso de elaboración de vídeos para a docencia. A cronoloxía do posible curso é a mesma do que o anterior.
-Contacto coa responsable do Plan Estratéxico Campus Terra, para ver se é posible atopar financiamento externo por esta vía para a contratación dunha persoa especialista en docencia non presencial. O horizonte cronolóxico da tarefa é o mesmo que o anteriormente indicado.

Canto á participación do profesorado en programas de mobilidade, como se indicou suspendeuse a aplicación da Acción de Mellora 12, ao eliminar a USC á Facultade de Humanidades do Plan Estratéxico Campus Terra. Os indicadores proporcionados pola área de Calidade da USC non achegan información sobre esta cuestión, probablemente pola suspensión ou redución dos programas previstos, debido á situación pandémica.

Ao se tratar dun título de máster, cun número reducido de alumnos/as pola súa propia natureza, non procede a análise comentada dos seguintes indicadores (evidencias): IN31M, IN32M, IN55M e IN56M. O informe final para a renovación da acreditación non indica, así mesmo, circunstancia negativa ningunha en relación co profesorado do título.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
A valoración é positiva. Non houbo modificación ningunha na relación de postos de traballo PAS da facultade (contida na evidencia E16), mais non se solicitaba mellora ningunha (máis alá da indicación de que o Auxiliar Técnico Informático do centro, Marcos Franco, exerce de xeito non remunerado o labor de coordinador técnico do título e responsable da aula de coordinación do máster, aspecto este que será obxecto de interlocución coa institución para que esta ofreza unha vía de solución).

Dado que a figura de coordinador técnico da titulación se mantén nunha situación de interinidade, ao non contar a USC con normativa que regule este posto específico, non existe supervisión desde Calidade das funcións desenvoldivas. Porén, alumnado e PDI si supervisan a actividade do técnico, e de 18 respostas cómpre destacar a obtención dunha media de satisfacción de 4,97 sobre 5. As evidencias poden verse aquí: .https://nubeusc-my.sharepoint.com/:b:/g/personal/marcos_franco_usc_es/EbDDQFJp9v9DlqXA4K3L8uMB7prhxVmdRFaxxNQ5R1jMPw?e=a8W2cY (PDI) e https://nubeusc-my.sharepoint.com/:b:/g/personal/marcos_franco_usc_es/EbL0nUJtLL1Lofh8lXbRj24Bm57oj8St0KrH1s5LPlmXlQ?e=jIVgml

(alumnado).

Cómpre comentar, así mesmo, os datos das seguintes dúas evidencias:
-O informe INF11 (de satisfacción do PAS coas actividades formativas) presenta datos positivos na maior parte dos ítems avaliados.
-A evidencia I6-I7, que detectou no curso pasado un descenso no número de PDI e PAS que realizou formación durante o curso obxecto de avaliación, indica neste curso a recuperación de niveis importantes de atención á formación por parte do colectivo.

-O INF21 (*Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Humanidades*) detecta en todos os casos niveis de satisfacción superiores a 3.5 nunha escala de 5, coa excepción do ítem “Estou coordinado con outras unidades da universidade”, que non é responsabilidade do título.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Canto ás infraestruturas destinadas ao proceso formativo/recursos materiais**, melloráronse os seguintes equipamentos na facultade de Humanidades:

- Substituíronse os antigos paneis de luz das aulas nas que se impartía docencia no máster por paneis de tipo LED, que ofrecen mellor calidade lumínica destinada ao confort do alumnado que asiste presencialmente a clases, ao tempo que se alcanzan os obxectivos de sostibilidade da Facultade.
- Mellorouse o equipamento de medios audiovisuais nas aulas do máster, instalando webcams de calidade 4K, substituíndo os compoñentes VGA das aulas por compoñentes HDMI (switchs, cableado, adaptadores, etc.).
- Substituíuse o canón da aula do máster por un novo con resolución nativa 1920x1080.
- Substituíuse o equipamento informático dun dos docentes do máster.
- En novembro de 2020 a USC instalou material audiovisual (webcams de teito e micrófonos omnidireccionais) en varias aulas usadas polo máster. Así mesmo, tamén se instalaron enchufes nos postos do alumnado para portátiles e smartphones en tódalas aulas nas que a facultade o solicitou.
- Renovouse por completo a aula de informática: 25 postos novos que inclúen (por posto): ordenador, teclado e rato, monitor, cadeira de oficina regulable en altura. Hai que engadir que este fito, en absoluto acadable cos orzamentos da

facultade (20.759€ de gasto) logrouse grazas ao financiamento da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
Canto á aplicación de normativas de accesibilidade universal, etc., o título remítese aos aspectos comúns xestionados polo correspondente servizo da USC. En xeral e en relación á accesibilidade electrónica, o alumnado está concienciado da necesidade de posuír competencias dixitais entre básicas e avanzadas para cursalo, así como de que é preciso unha conexión a Internet de certa calidade.
Canto á actualización dos recursos bibliográficos, a comisión de biblioteca da facultade achega a cifra do gasto total en materiais en formato libro: 6693 euros (o orzamento foi consumido na súa totalidade). Cómpre sinalar tamén que a comisión académica do MSC insta aos/ás docentes do título a introducir materiais en formato electrónico para a consulta do alumnado, en atención ás especiais circunstancias derivadas dun máster en que a bibliografía física non é de consulta doada.
Como novidade, apúntase tamén que na Biblioteca se engadiu un espazo propio para a bibliografía que vai xurdindo no ámbito da xestión cultural e que neste momento conta xa cun total de 197 exemplares.

**Canto aos servizos de orientación académica/atención ao estudante/acollida**, remítese neste aspecto ao Plan de Comunicación do MSC reproducido en páxinas anteriores. Para máis detalle sinálanse deseguido as medidas postas en marcha nos ámbitos que se mencionan nos epígrafes propostos para o comentario:
-A acollida inicial consiste nunha xornada (gravada e posta a disposición dos/as estudantes na aula de coordinación do MSC) en que se explican os aspectos básicos do curso e respóndense dúbidas iniciais. Trátase da execución da Acción de Mellora 2). Nesta acollida (cuxa gravación é accesible ao longo de todo o curso) faise fincapé na posibilidade de que alumnas/os do MSC formen parte da comisión académica do título, aínda que as anteriormente comentadas características de boa parte do alumnado provoca a dificultade para conseguir que este efectivamente se incorpore á comisión. Destacarase que no curso 20-21 se logrou por primeira vez cubrir as dúas prazas de representantes do alumnado no MSC, e esta tendencia continúa no curso 21-22.

-A orientación académica vehicúlase de maneira personalizada por parte de cada docente e xenericamente (en relación cos contidos do título, da súa carga de traballo, de aspectos relativos á modalidade de impartición) nunha titoría inicial personalizada consistente nunha reunión (presencial ou telemática) coa coordinadora do MSC, en que se comentan aspectos sobre o perfil da persoa e a súa implicación nas cuestións relativas aos servizos culturais (Acción de Mellora 14).
O alumnado recibe información dos principais procesos do curso (adxudicación de liñas temáticas, adxudicación de prácticas externas, proceso de defensa do TFM) a través de tres vías complementarias: correo electrónico da xestora do centro, aula de coordinación do máster e, para o TFM, realización, ao longo do mes de marzo, dunha actividade de presentación do TFM en que se explica a guía docente deste e se abre unha rolda de consultas sobre posibles dúbidas que xurdan (a actividade é gravada e posta a disposición dos/as estudantes na aula de coordinación).

A aula de coordinación do título dispón de varias ferramentas de formato “foro” en que os/as estudantes poden expoñer as súas dúbidas acerca dos diversos procesos. Poden, ademais, consultar de maneira directa no correo da coordinadora calquera problema que xurda, ou ben deixar un comentario/queixa anónimo no buzón da aula de coordinación do curso, que será obxecto de análise na comisión académica do MSC.

Por outra banda, os/as estudantes poden consultar dúbidas do título cos seus docentes correspondentes a través das seguintes vías: correo electrónico, ferramenta Microsoft Teams (crecentemente utilizada, a partir da pandemia, para as titorías personalizadas) e (de acordo coa recomendación, anteriormente reproducida, do Informe final de renovación da acreditación pola ACSUG), ferramenta “conversa” da aula virtual de cada unha das materias.

Todas estas vías de comunicación fan do MSC un título “multicanle” e redundan nos bos resultados da seguinte evidencia: IN46M (satisfacción do alumnado coa docencia recibida).

Canto á realización de prácticas externas, estas son obxecto de análise en páxinas anteriores. No curso 20-21 realizáronse fisicamente nas institucións ou empresas conveniadas e a este respecto deben comentarse os seguintes indicadores:
IN19M (satisfacción dos estudantes coas prácticas externas): débese detectar a razón pola que se produciu unha caída na porcentaxe de satisfacción;
IN20M (satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas): os datos sinalan o incremento da satisfacción do

colectivo;
INF07 (satisfacción do profesorado titor coas prácticas externas): os datos sinalan unha satisfacción notable canto aos resultados acadados;
IN22M (porcentaxe de estudantes que ao longo dos seus estudos realizaron as prácticas en empresas ou institucións): a porcentaxe aumenta lixeiramente, o que dá idea do interese do estudantado do MSC pola opción profesional no momento de cursar o título.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración é positiva. No seguinte cadro coméntase a evolución dos principais indicadores de resultados, que xustifica a devandita valoración:

| Dato | Evidencia | Comentario |
|---|---|---|
| Taxa de rendemento | IN34M | O dato sostén a clara mellora do curso pasado, aínda cun leve descenso (77,72 fronte a 80,70). Supérase rotundamente as porcentaxes máis cativas de anos anteriores e segue en alcance |
| Taxa de éxito | IN35M<br>IN50M<br>INFSIIU<br>MEDUSC | Segundo o primeiro dos indicadores, o dato mantén a elevada porcentaxe característica de anos anteriores. De acordo co segundo, a cifra é aínda mellor, pois pásase dun 83,72% a un 98,98%. Neste aspecto o MSC sitúase aliñado cos datos xerais da USC. |
| Taxa de avaliación | IN36M<br>INFSIIU<br>MEDUSC | Mantense a tendencia á alza da taxa, aínda que a porcentaxe diminúe lixeiramente. Vese que desde o ano 2015 o incremento foi notorio na taxa, o que nos permite irnos achegando aos datos dos indicadores USC. |
| Taxa de graduación | IN37M<br>INFSIIU<br>MEDUSC | Esta taxa coñece un avance importante desde o curso pasado: 70,83% fronte a 63,64%. Isto permite deixar atrás as cifras inferiores ao 50% obtidas entre 2016 e 2019 e, de novo, supón unha aproximación importante aos datos globais da USC. |
| Duración media dos estudos | IN38M<br>INFSIIU<br>MEDUSC | Neste aspecto tamén se mellora ostensiblemente: 1,65 fronte a 1,91 (case dous anos) do curso anterior. Igualmente o título vai achegándose aos datos xerais da USC. |
| Taxa de abandono RD 1393/2007 | IN41M<br>INFSIIU<br>MEDUSC | Aínda que lixeiramente incrementada, sitúase pouco por enriba do 15% (16,67%), o que permite deixar xa moi atrás datos próximos ao 30% (en 2016-2017) ou ao 25% (no curso anterior). Moi amodo o título vai aproximándose á media da USC. |
| Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) | IN53M<br>INFSIIU | De novo a taxa mellora ata sobrepasar claramente o 90% (92,38%), o que supón achegarse a cifras que non se coñecían desde o curso 2016-2017. |

En resumo, é patente a mellora de todos os indicadores relacionados cos resultados previstos. Esta circunstancia podería

derivar das accións de mellora que se recensionan, indicando en cada caso a súa eficacia:

| Accións de mellora asociadas ao subcriterio | Comentario acerca da súa eficacia, necesario mantemento, necesaria supresión ou substitución por outras |
|---|---|
| AM-2 | As melloras introducidas nos procesos que se ligan á defensa do TFM (adxudicación temperá de liñas temáticas e docentes titores/as, melloras na adecuación entre o perfil da/o alumna/o e a persoa directora, entre o traballo e os membros do tribunal, etc.) supoñen unha maior implicación do título na calidade destes e un maior interese na súa defensa. |
| AM-6 | Esta acción redunda nunha mellor comunicación entre as diversas instancias con responsabilidade no título e o alumnado. |
| AM-8 | A elaboración dun cronograma axuda a axustar a carga de traballo e a facer consciente ao alumnado da distribución temporal deste. |
| AM-13 | A intención de axustar a carga de traballo do MSC ás posibilidades do título redunda nunha mellora no proceso de elaboración do TFM. |
| AM-14 | A titoría inicial individualizada permite detectar as necesidades dos diversos tipos de alumnos/as e provocar cambios de entidade na planificación que estes fan do seu traballo (mesmo transvasamentos de tempo completo a tempo parcial). |
| AM-23 | A implementación da docencia síncrona a través de Teams fai que un alumnado máis diverso e non radicado en proximidade se interese polo título, e provoca así mesmo unha mellora na súa progresión académica. |

En resumo, os resultados do MSC parecen estar converxendo a respecto dos globais da USC, que non esquezamos inclúen títulos en nada próximos ao avaliado (másters habilitantes e outros, impartidos practicamente sempre en modalidade presencial). A intervención e refinamento do modelo de impartición, e sobre todo a introdución da docencia síncrona a distancia (*streaming*), facilitaron, sen dúbida, a consecución deste obxectivo.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A resposta é positiva.

**Canto aos indicadores de demanda**, véxase a análise efectuada *supra*, o criterio 1.4, "Criterios de admisión". A análise é válida para este apartado, tanto no relativo aos indicios/indicadores e á análise destes, como no relativo ás accións de mellora deseñadas e postas en práctica para favorecer as melloras na demanda.

**Cando aos indicadores de resultados**, véxase a análise da súa evolución *supra*, criterio 6.1, A análise é válida para este apartado, tanto no relativo aos indicios/indicadores e á análise destes, como no relativo ás accións de mellora deseñadas e postas en práctica para favorecer as melloras nos resultados.

Canto ao emprego dos indicadores na revisión do plan de estudos, a análise das accións de mellora nun e outro ámbito, e as asociadas a cada un deles, pode verse tamén en cada un dos apartados citados.

.

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A resposta é positiva. Deseguido achégase unha análise dos indicadores asociados a este apartado e un comentario que xustifica a valoración.

**Canto aos indicadores de demanda**, véxase a análise efectuada *supra*, o criterio 1.4, "Criterios de admisión". A análise é válida para este apartado, tanto no relativo aos indicios/indicadores e á análise destes, como no relativo ás accións de mellora deseñadas e postas en práctica para favorecer as melloras na demanda.

**Cando aos indicadores de resultados**, véxase a análise da súa evolución *supra*, criterio 6.1, A análise é válida para este apartado, tanto no relativo aos indicios/indicadores e á análise destes, como no relativo ás accións de mellora deseñadas e postas en práctica para favorecer as melloras nos resultados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| Evidencia (identificación e denominación) | Comentario da evidencia, xustificativo da achega desta a unha valoración positiva |
|---|---|
| IN19M Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas<br>IN20 Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas<br>IN21 Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas | Só temos datos para o comentario do segundo destes ítems. Estes son moi positivos (4,75 nunha escala de 5). Non se especifica a razón pola cal non hai datos das outras dúas enquisas. |
| INF09 Satisfacción xeral dos egresados co máster (USC) | En todos os casos os ítems avalíanse por enriba de 3, agás en dous: a relación entre os contidos dos másters e a profesión efectivamente exercida (2,43) e a valoración da formación práctica (2,94). Isto indica que existe unha demanda de maior converxencia coa praxe profesional real, que o MSC intenta atender mediante diversas estratexias, anteriormente sinaladas: apertura do plan de estudos a áreas externas, elaboración dun plan de prácticas profesionais, estreita vinculación cos sectores da xestión cultural en activo, etc. |
| INF10 Satisfacción do PDI coas accións formativas (USC) | Como se comentou anteriormente, os datos son moi positivos: a totalidade dos ítems sitúa a súa media por enriba do 4,25 sobre 5. Aínda sendo así, as preguntas que se relacionan coa actualidade dos contidos e coa dimensión práctica destes en relación coa docencia son as que achegan datos menos elevados. |
| INF11 Satisfacción do PAS coas actividades formativas | Como se comentou anteriormente, os datos son positivos nos niveis acadados. |
| INF13-14 Satisfacción dos egresados coa docencia recibida | Destaca o sostemento tanto da participación como da valoración global, que se sitúa arredor do 4. A valoración de cada un dos ítems en que hai datos sitúase sempre por enriba do 3,75. |
| INF15 Acreditación de cualificación das materias do plan de estudos | Os datos melloran en xeral: en moitas materias desaparece ou redúcese a cualificación "Suspenso" (*O imaxinario colectivo, Lingua para a escrita académica, Linguas para a comunicación: inglés* e *Linguas para a comunicación portugués*) e noutras redúcese o o número de renuncias (*Políticas culturais e interculturalidade*). Este aspecto é importante, dado que as materias obrigatorias, impartidas no primeiro cuadrimestre, son as que presentan unha maior carga de traballo e están ligadas ao abandono precoz do título. Indícase tamén que nas materias relacionadas co TFM redúcense notablemente as renuncias, o que indica que descende o número de persoas que, mesmo tendo superado a totalidade dos créditos ligados ás materias, deben rematricular o traballo o curso académico seguinte. |
| INF21 Satisfacción do PAS da Facultade de Humanidades | Os datos, anteriormente comentados, son positivos. |
| PIND20-21 (dentro del, IN49C, satisfacción do PAS co traballo desenvolvido) | A cifra é satisfactoria pois acada o 4,5. |
| INF22 Satisfacción do alumnado coa titulación | Decae a participación (menos dun 15%), polo que a significatividade dos datos é menor. Estes son positivos e superan en todos os casos o 3,75, con nove ítems superando o 4; as respostas inferiores a este limiar son as referidas á distribución da carga de traballo e organización na titulación (aspecto sobre o que se intervén con varias accións de mellora) e á información pública dispoñible (tamén intervido). As respostas superiores recoñecen o traballo dos PAS do título e o valor das infraestruturas. |
| INF 23 Satisfacción do profesorado coa titulación | Os datos de satisfacción do profesorado son moi positivos (sempre superiores a 4,5); os ítems en que os datos son menos positivos, dentro desta escala sempre elevada, son os seguintes: a distribución da carga de traballo e a valoración da resposta do alumnado a obrigas académicas e clases. |

Como balance final podemos observar un sostemento na totalidade de indicadores do título, aínda que segue sendo deficitaria e débil a resposta do alumnado ao chamamento efectuado desde diversas instancias (correo institucional, presentación xeral do máster, titoría inicial personalizada) para que cubran as enquisas. Consideramos este feito unha consecuencia da sobresaturación de enquisas de calidade que experimentamos nos últimos anos, en diversos formatos e para diversas funcións. Este aspecto aparece destacado, negativamente, no informe para a renovación da acreditación realizado pola ACSUG en 2018, en que en concreto se di o seguinte:

*Destaca negativamente el bajo porcentaje de participación en las encuestas de satisfacción [...] El centro es consciente de ello [...] pero no se han encontrado evidencias de la elaboración de una acción de mejora".*

